

**LINGUA
GALEGA**

A Internet que nos prometera liberdade e democracia converteuse no novo/vello Oeste. “Criamos ser os vaqueiros, pero resulta que somos os búfalos (o antropólogo AnthroPunk en *Tristes por diseño*). As empresas ou plataformas que a colonizan ostentan un superpoder global grazas aos datos de comportamento que un terzo da humanidade lles traslada a través das redes sociais, etiquetándoos ata o infinito para vendelos despois ao mellor ofertante. É o que constitúe o capitalismo de vixilancia, en atinada definición da profesora Shoshana Zuboff. Un capitalismo sen democracia. No que as estratexias de manipulación e as campañas de odio, desinformación e *fake news* atopan a complicidade que precisan para teren éxito. A lóxica opaca e cambiante pola que se rexen as cinco principais plataformas dixitais —Google, Facebook, Microsoft, Apple e Amazon— superponse ao goberno descentralizado da Internet, pola que transitan, e tamén ás leis do estados soberanos. Utilizan para iso algoritmos adestrados para entender, predicir e modificar os pensamentos e actitudes de masas. Conforman así o quinto poder, o máis perigoso de todos —ten capacidade para dobregar aos catro anteriores, porque conseguiu poñer o proceso democrático a traballar para a súa propia destrución—. Unha pandemia dixital da que todos nós somos vítimas, os búfalos do novo Oeste.

Urxe unha vacina coa que enfrontala. Coas institucións públicas poñéndolle freo a ese quinto poder.

Plataformas e democracia. Pandemia dixital
Tempos Novos, 328, setembro de 2024

CUESTIÓNS

1. Indique cal é o tema do texto e as súas ideas principais. Propoña tamén un título (2 puntos).
2. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións do texto: *antropólogo*, *ostentan*, *ofertante*, *algoritmo*, *quinto poder* (1 punto).
3. Indique a que clase de palabra pertencen os seguintes termos: *terzo*, *a través de*, *iso*, *porque*, *vacina* (1 punto).
4. No texto aparece a forma *rexen*: conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo deste verbo e, a continuación, indique outros tres verbos que se conxuguen co mesmo paradigma (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico (arredor de 200 palabras) sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión que nel se defende (4 puntos).